



nota de prensa

## Veciñanza presenta o seu Plan de Fixación de Poboación con propostas para atallar a crise demográfica

---

*O documento presenta unha análise da situación baseada en tres eixos: carencias en emprego, en servizos sociais e en planeamento urbanístico. Propón medidas tanto a curto como a medio prazo e solicita que se teñan en conta para a elaboración dos orzamentos do vindeiro ano*

---

Cuntis, 20 de outubro de 2017. Cuntis non é alleo á situación demográfica que padece o noso País. **A perda de poboación vén sendo constante nos últimos anos e non se observan iniciativas que poidan reverter esta situación.** Se ben o Goberno Municipal vén de anunciar recentemente unha axuda á natalidade, a valoración é que, sendo unha medida positiva e na dirección correcta, resulta claramente insuficiente.

Ante esta necesidade e ante a evidencia de que o problema demográfico non está presente na axenda política a ningunha escala coa intensidade que debera, **Veciñanza elaborou unha proposta para o deseño dun Plan de Fixación de poboación que busca analizar a decadencia poboacional en Cuntis e propor medidas para reverter as condicións que a provocan.** Continuamos na liña de ofrecer propostas dende unha oposición responsable, construtiva e capaz.

O documento presenta unha valoración inicial que ten en conta tanto a gráfica poboacional como a do censo do colexio público de Cuntis, que entendemos que é unha variable fundamental para entender a estrutura poboacional do noso concello. A seguir, **esa análise elabórase en base a tres eixos que explican as dificultades para fixar poboación: as carencias en materia de emprego, servizos sociais e planeamento urbanístico (PXOM).**

No referido ás propostas diferéncianse dous tipos, as de medio prazo e as de acción inmediata. Entre as primeiras atopamos o desenvolvemento do polígono da Ran, o potenciamento do sector turístico, a aprobación do PXOM, a posta en servizo do Centro de Día e o reforzo do programa de conciliación Cuntilín. Son eixos estruturais imprescindibles para crear condicións para reverter a crise poboacional que asolaga a nosa vila.

En canto ás medidas que se poden implementar a curto prazo, incluíndo dotación





veciñanza

## nota de prensa

orzamentaria para o próximo exercicio, sinalamos o reforzo dos servizos de transporte, incremento das axudas á natalidade, bonificacións fiscais por empadramento, axudas ao alugueiro, articulación da oferta cultural, deportiva e de lecer e vantaxes na mesma, e axudas a material escolar a todos os niveis (incluíndo o universitario).

Veciñanza agarda que esta proposta sexa tida en consideración por parte do Alcalde de Cuntis e acepte debater sobre un problema tan delicado como é o demográfico, así como asumir as medidas que se propoñen no documento. **O compromiso cómpre reflectilo nos Orzamentos do ano 2018 e Veciñanza defenderá propostas neste sentido para que poidan ter cabida e tratar de reverter así unha situación preocupante.**

